

# DECRETO SOCIAL LISTA LEGAL DE RELACIONES LABORAIS

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES LABORAIS

Recursos e sancións



# REVISTA SOCIAL GALEGA DE

**RECURSOS E SANCÍONS**



## RESOLUCIÓN DE 1 DE DECEMBRO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 35.2 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo (ET), ó comprobarse que dous traballadores do centro de traballo que a empresa ten en ..., superan o tope anual de 80 horas extraordinarias.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como grave no artigo 95.4 ET (art. 7.5 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto), apreciándose a sanción resultante en grao máximo, en atención á intencionalidade do suxeito infractor debido ó reiterado da súa conduta ó longo do tempo e prexuízo causado á Seguridade Social, por non cotizar as horas extraordinarias, así como prexuízo ós traballadores ós que non se abonou integramente as horas extraordinarias, proponéndose a imposición dunha multa de 3.004,06 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 17 de outubro de 2002 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 3.004,06 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

CUARTO.- Solicitado informe á Inspección de Traballo e Seguridade Social sobre o contido do citado recurso, aquel é emitido con data do 8 de xullo de 2004.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- O informe emitido pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, citado no feito cuarto da presente resolución, manifesta:

Que as actuacións comprobatorias se iniciaron o 12-6-01 e remataron o 24.05.02, rebasando o prazo de 9 meses establecido no art. 8.2 do R.D. 928/1998.

Que a posibilidade de recorrer á proba testemuñal vén lexislada no art. 5.3.1 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

Que o Sr. J.M. foi dado de baixa o 11.07.01 e contratado novamente o 12 de xullo de 2002.

Que no texto da acta se indica o número de días libres ó mes, o número de días de traballo e o horario así como a ausencia de vacacións; téñase en conta que a empresa nunca se persooou no procedemento administrativo que se tramitaba.

CUARTO.- Alega a recorrente que se superaron os prazos previstos no art. 8 do R.d. 928/1998. Pois ben, este precepto sinala expresamente que as “actuacións comprobatorias non se dilatarán por espacio de máis de nove meses salvo que a dilación sexa imputable ó suxeito a inspección”. Este artigo sinala expresamente que “decaerá a posibilidade de estender acta de infracción ou de liquidación como consecuencia de tales actuacións previas”.

Sen embargo, este prazo non pode ser aplicado ó presente caso, posto que a presente acta nº 738/2002 deriva da Resolución do 5 de marzo de 2002 pola que se anulou o correspondente procedemento sancionador e que permite, no seu fundamento segundo iniciar un novo procedemento sancionador, posibilidade normativamente contemplada no artigo 44.2 en relación co artigo 92.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e que concorre no presente expediente. En consecuencia, non se poden atender as alegacións do recorrente relativas á caducidade das actuacións comprobatorias realizadas pola Inspección, xa que a infracción imputada non prescribiu.

Neste senso xa se manifestou o fundamento segundo da resolución agora impugnada, que sinala expresamente que “a acta 1.201/01 se practicou o 13.09.01, como consecuencia das actuacións do 12.06.01 e 13.08.01 (3 meses). Ditada resolución o 05.03.02, e en cumprimento do art. 21.1 do R.D. 928/1998, remítese copia á Inspección de Traballo, para o seu coñecemento e efectos, e tivo entrada nesa dependencia o 03.04.02. Posto que a actual acta ten data do 24.05.02, nin houbo paralización superior a 3 meses, nin se superaron o 9 establecidos”, argumento que se comparte pola presente.

A isto debe engadirse que a anulación da primeira acta non implica a invalidez das actuacións levadas a cabo con anterioridade ó levantamento do referido documento público, xa que, o principio de economía procesual impón a conservación dos actos ou trámites o contido dos cales sería o mesmo de repetirse as actuacións. En consecuencia, unha vez anulado o acto viciado, isto é, a acta nº 1.201/01, resulta procedente levantar unha nova acta en base ós feitos que previamente foron comprobados pola Inspección, sen necesidade de que esta realice de novo actuacións comprobatorias, pois estas foron válidas e como tales, deben conservarse.

Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

## Resolve

DESESTIMAR o recurso interposto por dona C.V.P. en representación da empresa “C.P.V.C., S.A.”, contra a Resolución de data do 17 de outubro de 2002 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 3004,06 € imposta a citada empresa.

## RESOLUCIÓN DE 13 DE DECEMBRO DE 2004

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

## Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por:

1. Incumprimento do disposto no art. 5.e) do anexo IV, parte C do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, en relación co anexo I, 9.1ª, 4ª e 6ª do Real decreto 486/1997, do 14 de abril, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos centros de traballo, en relación coas deficiencias observadas na escaleira de man pola que se accedía da planta baixa á primeira.

2. Infracción do art. 3.a) e b) do anexo IV; parte C, do R.D. 1.627/1997 en relación co art. 3.d) e anexo I, art. 9 do Real Decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual, pola ausencia de protección da planta segunda e ausencia de uso do cinto de seguridade.

A primeira infracción atópase tipificada e cualificada como leve no artigo 11.4 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao medio, en atención ó número de traballadores afectados, proponéndose a imposición dunha multa de 301 €.

A segunda infracción atópase tipificada e cualificada como grave no artigo 12.16.b) do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao mínimo, proponéndose a imposición dunha multa de 1.503 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial da Coruña, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o 30 de maio de 2003 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.804 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.



## Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente cabe facer as seguintes precisións:

1. Respecto do número de traballadores existentes na obra no momento da visita inspectora, non cabe máis que reiterar o xa manifestado pola inspectora actuante no informe emitido á vista das alegacións á acta realizadas pola empresa, e que insistían neste punto. O nome dos traballadores foi proporcionado polo encargado da obra ou polos propios traballadores, resultando indiferente, a efectos de cometerse a infracción, que foran seis ou nove os afectados. En todo caso, a empresa non achega ningunha proba que demostre o anterior e a declaración dos traballadores solicitada por aquela non se considera pertinente pois reiterada xurisprudencia resta valor probatorio ás declaracións dos empregados da empresa inculpada pola falta de imparcialidade, que vén dada pola dependencia económica dos traballadores respecto da empregadora (sentenzas do Tribunal Supremo do 31.05.90, 04.02.72). Neste senso, a devandita liña xurisprudencial afirma que “á declaración xurada expedida polo traballador, no senso de non cometerse falta ou infracción, pode poñérselle tacha legal, a teor do art. 660 da Lei de Axuízamento Civil, pois estas declaracións soen ser pactos de compracencia entre a empresa e persoas que teñen relación de dependencia con ela” (sentenzas do Tribunal Supremo do 15.12.62 e 10.06.63).

2. En relación cos feitos obxecto de sanción, non procede admitir que non se concretaron adecuadamente, tal e como se afirma no recurso da empresa. Unha lectura atenta da acta non demostra máis que o contrario: as deficiencias da escaleira de man aparecen detalladas (buratos nos largueiros, o pasamáns nun extremo sen unir ó largueiro, algún chanzo dobrado, e sen que sobresaía por encima da planta); descríbese a ausencia de medidas de protección colectiva mencionándose a corda tensada a que fai referencia o agora recorrente, e a falta de uso dos cintos de seguridade, pese o perigo de caída de altura existente. O mesmo plano de seguridade da empresa establece medidas de protección en estrutura como redes de bandexa abatibles, redes verticais e horizontais, etc, medidas que pese a todo, non foron instaladas pola empregadora.

3. Alega a empresa que non se paralizaron os traballos e que isto pon de manifesto a ausencia de perigo. Neste senso, dicir que o art. 44 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece a posibilidade de adoptar esta medida cando o inspector observe a existencia dun risco grave e inminente. Na mesma liña maniféstase o art. 7.10 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, que establece que “Os inspectores de Traballo e Seguridade Social, finalizada a actividade comprobatoria inspectora, poderán adoptar as seguintes medidas (...) Ordenar a paralización inmediata de traballos ou tarefas por inobservancia da normativa sobre prevención de riscos laborais, de concorrer risco grave e inminente para a seguridade ou saúde dos traballadores”.

En consecuencia, para proceder a adopción da citada medida cautelar é preciso que o inspector ou inspectora observe a existencia dun risco grave e inminente (definidos no art. 4 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais), a existencia do cal determinaría a tipificación da infracción como moi grave, suposto que non se da no presente caso.

4. Respecto da ausencia de emprego de cinto de seguridade, consta na acta como a inspectora observou directa e persoalmente que ningún traballador usaba cinto de seguridade. O art. 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais sinala que o empresario non só debe proporcionar ós traballadores equipos de protección individual senón tamén velar polo seu uso efectivo cando sexan necesarios. Na mesma liña, o Tribunal Supremo, na súa sentenza do 03.03.98 establece que “no desenvolvemento da actividade laboral dunha empresa existe, como indica a sentenza do 22 de abril de 1989, un deber de seguridade por parte do titular daquela que obriga a esixir ó traballador a utilización dos medios dispositivos preventivos de seguridade, impedindo, se isto fora necesario, a actividade laboral de quen, por imprudencia ou negligencia, incumpra o debido uso daqueles, incluso a través do exercicio da actividade disciplinaria. E é que, como di a sentenza do 22 de outubro de 1982, a débeda de seguridade da empresa cos seus traballadores non se esgota con darlles os medios normais de protección, senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do contido das súas instrucións, que deben tender non só á finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servizo encomendado, senón ademais á prevención das ordinarias imprudencias profesionais. Esta doutrina é continuadora da anteriormente establecida nas sentenzas do 4 de outubro e 6 de novembro de 1976, onde se resalta que como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre este recae a escrupulosa observación das medidas preventivas na seguridade do traballador”.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

## **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don A.O.N. en representación da empresa “C., S.A.”, contra a Resolución de data do 30 de maio de 2003 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da entón Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 1.804 € imposta á citada empresa.

## **RESOLUCIÓN DE 13 DE DECEMBRO DE 2004**

Examinado o recurso formulado pola empresa “A., S.A.” contra a Resolución dita da no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

## **Feitos**

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por:

1. Infracción do art. 3.a) e b), parte C, Anexo IV, do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción; en relación coa falta de protección colectiva existindo risco de caída de altura.

2. Incumprimento do disposto no artigo 3; art. 6 do Anexo I; art. 2 do Anexo III e art. 6 do Anexo IV do Real decreto 773/1997, do 30 de maio, sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde relativas á utilización polos traballadores de equipos de protección individual, en relación co art. 17.2 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, pola falta de utilización de equipos de protección individual.

A primeira infracción atópase tipificada e cualificada como grave no artigo 12.16.f) do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao mínimo, de conformidade co disposto nos artigos 39 e 40 da mesma norma legal propoñéndose a imposición dunha multa de 1.503 €.

A segunda infracción atópase tipificada e cualificada como leve no artigo 11.4 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao mínimo, de conformidade co disposto nos artigos 39 e 40 da mesma norma legal, propoñéndose a imposición dunha multa de 100 €.

Conforme ó disposto no art. 43.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apréciase a responsabilidade solidaria da contratista principal da obra, “A., S.A.”, xunto coa subcontratista citada no encabezamento.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, emitido á vista das alegacións realizadas por ABECONSA, SA, e tras tramitar audiencia á empresa, conforme ó art. 18.2 do R.d. 928/1998, do 14 de maio, a Delegación Provincial da Coruña, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o 6 de maio de 2004 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción por un total de 1.603 € ás empresas “C.V.S., S.L.” e “A., S.A.” solidariamente.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa “A., S.A.” interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas pola recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. O art. 53.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, establece expresamente que os feitos constatados polos funcionarios da Inspección de Traballo e Seguridade Social que se formalicen nas actas de infracción terán presunción de certeza, sen prexuízo das probas que poidan aportar os interesados en defensa dos seus dereitos. No suposto que nos ocupa, a funcionaria actuante comprobou directa e persoalmente, tal e como se sinala na acta que un traballador, debidamente identificado na acta, prestaba servizos sen que existiran medidas de protección colectiva axeitadas fronte ó risco de caída desde unha altura aproximada de nove metros e sen empregar calzado de seguridade, senón calzado deportivo. Están concretados na acta, os feitos relevantes a efectos de cualificación e gradación das infraccións, e incluídas especificacións como o lugar exacto da prestación de servizos e a súa altura, o nome do traballador implicado, etc.

2. Os feitos obxecto de infracción foron, polo tanto e como xa quedou dito, comprobados directa e persoalmente pola funcionaria e gozan, polo tanto, da presunción legal de certeza predicable das actas levantadas pola Inspección de Traballo e Seguridade Social, presunción que ten o seu fundamento “na imparcialidade e na especialización técnica que en principio debe recoñecerse ós funcionarios que estenden as actas” (Sentencia do Tribunal Supremo do 24.01.89), e que consiste en que o seu contido fáctico non necesita ser probado, e que determina a inversión da carga da proba, de xeito que corresponde á entidade inculpada negar a veracidade dos feitos amparados pola presunción, non só mediante alegacións, senón mediante probas de que os feitos dados por certos pola inspectora, en realidade non o son. En todo caso, a proba en contrario para destruír a presunción iuris tantum de veracidade da acta ha de ser eficiente, precisa e plenamente convincente, en palabras da Sentencia da Audiencia Territorial de Bilbao do 11.02.89, que recolle doutrina do Tribunal Supremo.

En uso do seu dereito, nas alegacións á acta, a empresa solicitou como probas a declaración dos traballadores don M.B.R. e don W.V.L. así como do representante legal da empresa, ademais da inspección ocular dos feitos. En resposta a esta petición, a Delegación enviou con data do 20 de xaneiro de 2004, oficio no que se lle concedía un prazo de dez días para presentar as declaracións xuradas dos traballadores, declaracións que foron achegadas pola empresa e debidamente valoradas previamente ó ditado da resolución recorrida.

Polo que se refire á inspección ocular solicitada, debe manifestarse que non se considera necesaria por canto os feitos descritos na acta foron comprobados directa e persoalmente pola inspectora actuante e efectivamente, as condicións existentes o día 14 de novembro de 2003 ás 10:30, data da visita inspectora, non poden ser as mesmas que en xaneiro de 2004.

Respecto da declaración dos traballadores reiterar, por unha banda, que os feitos foron observados directamente pola funcionaria, e por outra, que reiterada xurisprudencia resta valor probatorio ás declaracións dos empregados da empresa inculpada pola falta de imparcialidade, que vén dada pola dependencia económica dos traballadores respecto da empregadora (sentenzas do Tribunal Supremo do 31.05.90, 04.02.72). Neste senso, a devandita liña xurisprudencial afirma que “á declaración xurada expedida polo traballador, no senso de non cometerse falta ou infracción, pode poñérselle tacha legal, a teor do art. 660 da Lei de Axuizamento Civil, pois estas declaracións soen ser pactos de compracencia entre a empresa e persoas que teñen relación de dependencia con ela (sentenzas do Tribunal Supremo do 15.12.62 e 10.06.63).

3. A empresa tamén trata de exonerarse da súa responsabilidade trasladándoa ó traballador, indicando que tiña ó seu alcance os medios de protección necesarios como cinto de seguridade e calzado de protección. Ó respecto manifestar que en ningún caso se pode admitir que a decisión sobre si se empregou ou non o equipo de protección individual corresponda en exclusiva ó traballador. É máis, pódese dicir que, de conformidade co noso ordenamento laboral, o que debe suceder é o contrario: o empresario debe garantir o efectivo cumprimento das normas de seguridade a través das medidas axeitadas a este fin. Neste senso, o art. 17.2 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece como obriga do empresario non só proporcionar ós traballadores equipos de protección individual adecuados para o cumprimento das súas

funcións, senón tamén a de “velar polo uso efectivo dos mesmos cando, pola natureza dos traballos realizados, sexan necesarios”.

Neste senso, o Tribunal Supremo, na súa sentenza do 03.03.98 establece que “no desenvolvemento da actividade laboral dunha empresa existe, como indica a sentenza do 22 de abril de 1989, un deber de seguridade por parte do titular daquela que obriga a esixir ó traballador a utilización dos medios dispositivos preventivos de seguridade, impedindo, se isto fora necesario, a actividade laboral de quen, por imprudencia ou negligencia, incumpra o debido uso daqueles, incluso a través do exercicio da actividade disciplinaria. E é que, como di a sentenza do 22 de outubro de 1982, a débeda de seguridade da empresa cos seus traballadores non se esgota con darlles os medios normais de protección, senón que vén ademais obrigada á axeitada vixilancia do contido das súas instrucións, que deben tender non só á finalidade de protexer ós traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servizo encomendado, senón ademais á prevención das ordinarias imprudencias profesionais. Esta doutrina é continuadora da anteriormente establecida nas sentenzas do 4 de outubro e 6 de novembro de 1976, onde se resalta que como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre este recae a escrupulosa observación das medidas preventivas na seguridade do traballador”.

Na mesma liña, pódese citar a sentenza do 11.02.98 da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na que se recolle que “agora ben, a dilixencia esixible a un prudente empregador para prever e impedir que se produza unha situación de perigo ou de risco para a integridade física dos seus empregados, non queda esgotada por ter proporcionado ó traballador os medios de protección necesarios, senón que é preciso que ademais exista un control ou vixilancia que permita garantir a utilización, por parte do traballador, daqueles medios protectores, facilitados polo empresario, tendentes a impedir a produción de situacións de risco”.

4. En canto á ausencia de notificación da proposta de resolución debe sinalarse que este expediente sancionador se tramitou conforme ó procedemento sancionador establecido legal e regulamentariamente, procedemento onde a propia acta de infracción levantada pola Inspección de Traballo e Seguridade Social opera como proposta de resolución e que foi debidamente notificada ó suxeito responsable, sen que con posterioridade sufrira ningunha modificación.

5. Segundo a normativa vixente aplicable ós procedementos sancionadores na orde social, non existe obriga de notificar o informe ampliatorio ó inculpado. Non obstante o anterior, de acordo co artigo 17.4 do Real Decreto 928/1998, e co artigo 35.a) da Lei 30/1992, os interesados poderán ver o expediente e mesmo obter copias dos documentos contidos neles. Polo tanto, non pode admitirse que a entidade inculpada se atopa nunha situación de indefensión, posto que, en todo caso, tivo a posibilidade de solicitar copia do informe ampliatorio da inspección, podendo, no momento de interpoñer o presente recurso de alzada, facer as alegacións que estimara pertinentes en relación co referido informe (que foi reproducido na súa esencia na resolución recorrida), tendentes a desvirtuar o seu contido.

6. En relación coa ausencia do trámite de audiencia previsto no art. 18.4 do R.D. 928/1998, sinalar que soamente é preceptivo cando formuladas alegacións se desprenda das dilixencias practicadas a invocación ou concorrencia de feitos distintos ós reseñados na acta non sucedendo no presente caso este suposto, xa que o informe da Inspección non engade ningún feito novo que non constara na acta, senón que se limita a ratificar

aqueles feitos e a constatar que a empresa non achega ningunha proba do cumprimento das súas obrigas. En consecuencia, considérase que non se causou ningunha indefensión á recorrente.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ó seu propio interese que carecen de virtualidade xurídica para enervar os razoamentos da resolución impugnada. Considérase, polo tanto, que quedan suficientemente acreditadas as infraccións a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que das infraccións se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

### **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don J.R.Y. en representación da empresa “A., S.A.”, contra a Resolución de data do 6 de maio de 2004 acordada pola Delegación Provincial da Coruña, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 1.603 € imposta á citada empresa solidariamente con “C.V.S.,S.L.”.

### **RESOLUCIÓN DE 21 DE DECEMBRO DE 2004**

Examinado o recurso formulado pola empresa “C.I., S.L.” contra a Resolución ditada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, con data do 27 de marzo de 2003, e trala investigación do accidente laboral sufrido polo traballador don A.F.A., por incumprimento do disposto no artigo 277 da Ordenanza laboral da construción, vidro e cerámica, aprobada por Orde ministerial do 28.08.70, e punto 3.b da parte C do anexo IV do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción; pola realización de obras de colocación de forxados, sen que a empresa “C.F., S.L.” adoptara ningunha medida para evitar o risco de caída dos traballadores.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como grave no artigo 12.16.f) do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao

mínimo, e en atención ós danos causados ó traballador, de conformidade co disposto no artigo 39.3.a) da mesma norma lexa, propónse a imposición dunha multa de 4.010 €.

Apréciase responsabilidade solidaria da empresa principal “C.I., S.L.” en virtude do art. 24.3 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais e art. 42.3 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, xa citado.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, a Delegación Provincial de Ourense, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais o 10 de xuño de 2003 ditou Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 4.010 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa “C.I., S.L.” interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ó seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. A empresa alega a nulidade de pleno dereito do procedemento sancionador, por non terse efectuado trámite de audiencia. Ó respecto procede indicar que este trámite soamente é obrigatorio nos casos previstos no artigo 18.2 do R.D. 928/98 (cando o imputado non formulase alegacións) e no caso establecido no artigo 18.4 (cando formuladas alegacións se desprenda das dilixencias practicadas a invocación ou concorrencia de feitos distintos ós reseñados na acta) non sucedendo no presente caso ningún dos dous supostos, xa que o recorrente, por unha banda, presentou alegacións, e por outra, a resolución fíxose conforme ós feitos contidos na acta, á súa tipificación e gradación da sanción, sen que o informe emitido pola Inspección á vista das alegacións formuladas á



acta, engadise ningún feito novo que fora tido en conta, senón que se limitou a ratificar o contido da acta que xa fora debidamente notificada ós suxeitos infractores.

2. En relación coa responsabilidade da empresa principal, indicar que deriva do disposto no art. 42.3 da Lei de Infraccións e sancións na orde social, segundo o cal “A empresa principal responderá solidariamente cos contratistas e subcontratistas a que se refire o art. 24.3 da Lei de Prevención de Riscos Laborais do incumprimento, durante o período da contrata, das obrigas impostas pola mesma lei na relación cos traballadores que aqueles ocupen nos centros de traballo da empresa principal, sempre que a infracción se producira no centro de traballo do mesmo empresario principal. No citado apto 3 do art. 24 da Lei de prevención de riscos laborais establécese que “as empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización das obras ou servizos correspondentes á propia actividade de aquelas e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo, deberán viciar o cumprimento por ditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais”.

Tal e como viña declarando a xurisprudencia (entre outras, STC de 23.07.01, de 26.01.02, 23.07.02), a presenza dos traballadores pertencentes ao contratista ou subcontratista no centro de traballo da empresa principal vincula ambos os dous ao cumprimento das normas de seguridade e hixiene. Debe velarse polo devandito cumprimento tanto dende a perspectiva da organización do centro, que incumbe á primeira, coma dende a perspectiva da dirección|enderezo da actividade dos traballadores que corresponde ao contratista ou subcontratista.

Por conseguinte, a responsabilidade do empresario principal non é unha responsabilidade presunta fundada no mero feito da subcontratación, senón unha responsabilidade fundada no principio de culpabilidade no incumprindo das obrigas de seguridade e hixiene que deriva das facultades de organización do centro de traballo sempre que se trate de actividades propias. A empresa “C.I., S.L.”, por conseguinte, resulta afectada administrativamente e a súa responsabilidade éo en base aos artigos xa citados, e polo tanto, ou acordo entre partes que a empresa pretende facer valer para eludir a súa responsabilidade non pode ser vinculante aos efectos administrativos por canto pon en prexuízo os dereitos de terceiros, cales son os dereitos á seguridade e integridade física e saúde dos traballadores.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ó seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ó non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta Dirección Xeral de Relacións Laborais

## **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don F.A.R. en representación da empresa “C.I., S.L.”, contra a Resolución de data do 10 de xuño de 2003 acordada pola Delegación Provincial de Ourense, da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 4.010 € imposta á citada empresa solidariamente con “C.F.,S.L.”.

